

Acordo do Consello de Dirección de Agader do 3 de decembro de 2010, polo que se conceden subvencións aos grupos de acción local beneficiarios do programa Leader + para financiar os intereses das pólizas de crédito subscritas por estes para facer fronte ao pagamento aos beneficiarios finais.

No período de programación 2000-2006, Agader xestionou, a través dos grupos de acción local beneficiarios dos programas Leader +, Proder II e Agader (en adiante, os GAL), as axudas ao desenvolvemento rural do territorio de Galicia, nos termos previstos nos convenios de colaboración asinados o 16 de outubro de 2002 entre o Organismo Intermediario -MAPA e Agader- e o respectivo GAL no caso do programa Leader +, entre o MAPA, Agader e os respectivos GAL no caso do programa Proder II, e entre Agader e os respectivos GAL no caso do programa Agader.

Os programas Leader+ e Proder II axustan o seu financiamento público a un modelo de cofinanciación que integra a participación do Feoga-O, de fondos da Administración Xeral do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e das administracións locais en cuxos territorios se aplican. O programa Agader, pola súa banda, integra a participación de fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e das administracións públicas locais dos territorios nos que este se xestiona.

A dotacións financeiras asignadas aos respectivos programas están destinadas non só ás estratexias de desenvolvemento a aplicar no territorio, senón tamén a financiar os custos de funcionamento do propio GAL.

O modelo de xestión dos programas Leader+ e Proder II obrigou aos GAL a subscribir pólizas de crédito co fin de atender os pagamentos dos beneficiarios finais (os promotores), xa que o procedemento de financiamento disposto na normativa comunitaria requiría que eses efectuasen os pagos aos promotores antes de solicitar os fondos estruturais á Comisión Europea, e polo tanto debían anticipar parte dos seus fondos antes de recibir o saldo dos fondos europeos correspondentes.

Ao abeiro do Regulamento (CE) nº 448/2004, da Comisión, do 10 de marzo, que modifica o Regulamento (CE) nº 1685/2000, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1260/1999, do Consello, no relativo ao financiamento de gastos de operacións cofinanciadas polos Fondos Estruturais, os intereses xerados polas pólizas de crédito, en canto custos financeiros, non tiñan a consideración de custo elixible no marco do programa Proder II, aínda que si no marco da I.C. Leader + Galicia.

Ese mesmo problema xurdiu no peche dos programas: á data final de certificación dos proxectos (31 de decembro de 2008) os GAL Leader + e Proder II debían ter pagados aos promotores os importes subvencionados dos correspondentes expedientes, aínda ser ter recibidos os fondos europeos e nacionais, polo que, ante a ausencia doutras fontes de financiamento, as pólizas de crédito resultaron ser o instrumento máis viable para atender os pagamentos aos promotores.

Esta solución xera graves problemas de tesourería nos GAL, que sendo entidades sen ánimo de lucro, carecen de recursos para facer fronte ao pagamento de xuros xerados pola utilización das pólizas de crédito. Os GAL puxeron de manifesto diante de Agader esta circunstancia e solicitaron a articulación dun procedemento para afrontar estas dificultades económicas.

Aínda que no período de programación 2000-2006 os GAL non tiñan a consideración de entidades colaboradoras, nos termos previstos no artigo 9 da LSG, senón que, nos termos previstos no Real decreto 2/2002, do 11 de xaneiro, polo que se regula a aplicación dos programas Leader+ e Proder, se conceptuaban como entidades beneficiarias das axudas concedidas para a aplicación do programa de desenvolvemento rural no seu territorio, na práctica, e en canto xestores de axudas financiadas con fondos públicos, colaboran na execución da actividade de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral (neste caso, a dinamización da base produtiva e na mellora da calidade de vida no medio rural galego), actividade de fomento que se conceptúa, desde unha perspectiva administrativa, como propia das administracións públicas. Sendo isto así, non parece oportuno que esta colaboración supoña un gravame económico para os GAL, todo máis cando de se xestionar estas axudas directamente pola administración, todos os custos financeiros serían asumidos por esta.

Os GAL que xestionaron o programa Proder II xa recibiron os fondos europeos cofinanciadores das axudas concedidas aos promotores nos seus respectivos territorios, quedando, a día de hoxe, pendentes de recibir os fondos europeos os GAL que xestionaron o programa Leader +.

O artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG), admite a subvencionabilidade dos gastos financeiros se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a axeitada preparación ou execución desta, sempre que así se prevexa nas bases reguladoras.

Desde un punto de vista procedimental, os artigos 19.4.c) da LSG e 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, regulan o procedemento de concesión de subvencións de forma directa, cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, podendo instrumentarse estas a través de resolución, cos contidos previstos no citado artigo 40 do Decreto 11/2009.

Tendo en conta as razóns de interese público expostas anteriormente, así como o feito de que os destinatarios están perfectamente identificados e feitas as estimacións dos importes máximos por beneficiario, cómpre a concesión, de forma directa, de subvencións para financiar os xuros xerados polas pólizas de crédito subscritas polos GAL beneficiarios do programa Leader + para facer fronte ao pagamento aos promotores en tanto non se percibe o saldo de peche do programa.

O artigo 6.1d) do Decreto 79/20001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Agader, atribúelle ao Consello de Dirección deste ente a competencia para aprobar os procedementos de selección das solicitudes de financiamento de plans, programas e actuacións vinculadas cos GDR.

Por todo o anterior, o **Consello de Dirección de Agader**, logo da tramitación do expediente nos termos legais e regulamentariamente establecidos pola lexislación vixente,

ACORDA

I. Conceder subvencións aos GAL beneficiarios do programa Leader + para financiar os xuros xerados polas pólizas de crédito subscritas por estes para facer fronte ao pagamento aos beneficiarios finais en tanto non reciben o saldo de peche final do programa, nos termos previstos no documento anexo.

II. Delegar no director xeral de Agader a competencia para resolver o pagamento das subvencións concedidas ao abeiro deste acordo, dando conta do importe dos pagamentos tramitados a cada GAL no próximo Consello de Dirección.

III. Contra este acordo, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección de Agader no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da súa notificación.

ANEXO

CONCESIÓN DE SUBVENCIONS AOS GAL BENEFICIARIOS DO PROGRAMA LEADER + PARA FINANCIAR OS XUROS XERADOS POLAS PÓLIZAS DE CRÉDITO SUBSCRITAS POR ESTES PARA FACER FRONTE AO PAGAMENTO AOS BENEFICIARIOS FINAIS.

1. OBXECTO

O obxecto deste acordo é regular a concesión de subvencións aos grupos de acción local beneficiarios dos programa Leader+, para financiar os xuros xerados polas pólizas de crédito subscritas por estes para facer fronte ao pagamento aos beneficiarios finais, en tanto non reciben o saldo de peche do programa.

As subvencións reguladas neste acordo concederanse de forma directa, mediante resolución, ao abeiro do artigo 19.4 da Lei 11/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do 40 do Decreto 11/2009, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, por concorrer razóns de interese público vinculadas coa colaboración dos GAL beneficiarios na execución da actividade administrativa de fomento propia da administración, concretándose na xestión de fondos públicos destinados a financiar os programas de desenvolvemento rural.

2. BENEFICIARIOS

Teñen a condición de beneficiarios todos os grupos de acción local beneficiarios do programa Leader + de Galicia, que subscribiron o 16 de outubro de 2002 os correspondentes convenios de colaboración para a aplicación dos respectivos programas nos seus territorios.

3. FINANCIAMENTO

Para o financiamento desta subvención está prevista unha dotación orzamentaria máxima de 95.983,90 **euros**, con cargo á conta orzamentaria **01.01 01.02.02 656800** dos orzamentos de Agader para o ano 2010, dotada con fondos propios incondicionados, na que existe crédito adecuado e suficiente para atender os compromisos derivados deste acordo.

Para o cálculo da contía máxima que se vai financiar a cada GAL seguiuuse o seguinte procedemento:

- Calcúlase a diferenza entre os importes certificados e pagados polo GAL e os importes pagados por Agader a 15 de decembro de 2009 correspondentes as fondos Feoga-O.

- Sobre este importe, calcúlanse os xuros xerados desde o 15 de decembro de 2009 ata o 30 de novembro de 2010.

Os xuros xerados ata o 15 de decembro de 2009, xa foron subvencionados por Agader.

No cálculo dos importes non se inclúe a cofinanciación das entidades locais, polo que os posibles xuros xerados pola parte correspondente a este fondo dentro das pólizas de crédito non ten a consideración de custo elixible.

Para o cálculo dos xuros xerados, tómase como referencia o valor do interese legal do diñeiro para o ano 2010, que está fixado no 4% segundo a disposición adicional décimo oitava da Lei 26/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2010, e aplícase ao resultado o 70,69% para adaptalo ao saldo dipoñible de 95.983,90 €.

- Grupos Leader+

GRUPO DE ACCIÓN LOCAL	IMPORTE
VAL DO LIMIA	10.270,52 €
BIBEI	5.230,21 €
PORTODEMOUROS	19.054,33 €
TERRAS DO MIÑO	1.245,24 €
RIBEIRA SACRA LUCENSE	6.994,62 €
VAL MIÑO	6.538,54 €
EUROEUME	7.517,79 €
TERRA CHA	2.082,73 €
RÍO LOR	4.699,06 €
CONDADO PARADANTA	2.270,54 €
MONTES	2.144,03 €
NERIA	13.994,85 €
ULLA UMIA	0 €
TERRAS DE MIRANDA	4.161,18 €
ORDES	6.126,22 €
MONTERREI VERÍN	3.654,04 €
TOTAL GRUPOS LEADER+	95.983,90 €

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

Os GAL beneficiarios poderán presentar a solicitude de pagamento no prazo máximo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación individualizada deste acordo a cada GAL beneficiario.

Xunto coa solicitude, haberán de presentar a seguinte documentación xustificativa dos gastos incorridos:

- Copia compulsada da póliza de crédito.
- Certificación asinada polo presidente do GAL referente a utilización exclusiva da póliza de crédito para afrontar os pagamentos aos beneficiarios finais.
- Certificación da entidade bancaria onde se subscribira a póliza, na que se fagan constar:
 - o importe dos xuros debedores xerados pola utilización da póliza desde o 15 de decembro de 2009 ata o 30 de novembro de 2010.
 - número de conta bancaria a nome do GAL para os efectos de tramitar o pagamento da axuda.

- declaración doutras axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade.

A presentación da solicitude comporta a autorización a Agader para que poida obter a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, polo que queda liberado de achegar as correspondentes certificacións. No entanto, poderá denegar expresamente o consentimento; daquela, deberá entregar a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. RÉXIME DE PAGAMENTO

Presentada a documentación en tempo e forma, segundo o disposto no apartado terceiro, Agader tramitará o pagamento correspondente, a medida que as solicitudes de pagamento se vaian presentando, dentro dos límites máximos previstos para cada GAL no apartado 3, en función dos importes xustificadas. Tramitarase un só pagamento polo importe total concedido.

As resolucións de pagamento tramitaranse con cargo ao orzamento de Agader do ano 2010

6. RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

As subvencións concedidas ao abeiro destas bases son compatibles con calquera outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública ou entidade pública ou privada, sempre e cando o importe total acumulado non supere o importe máximo subvencionable.

7. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os GAL beneficiarios asumen, con carácter xeral, as obrigas sinaladas no artigo 11 da LSG.

8. REINTEGRO

Son causas de reintegro das axudas percibidas as enumeradas no artigo 33 da LSG.

O procedemento de reintegro tramitarase nos termos previstos no artigo 37 do referido texto legal.

9. RECURSOS

Contra a resolución da adxudicación das axudas tramitadas ao abeiro deste acordo, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección de Agader no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa

notificación ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da súa notificación.

10. INFORMACIÓN

En relación con este procedemento os interesados poderán obter información a través destes medios:

Páxina web de Agader: <http://agader.xunta.es>

Teléfono: 981 54 01 01

Enderezo electrónico: subdireccion.relacions.gal.agader@xunta.es